

## MUSEU DAS MARIÑAS



Logo da exposición "Betanzos Onte", onde aparte das fotografías que a motivaron, estiveron expostos traxes mariñáns, a Comisión Municipal permanente, tivo a ben, tomar acordo encol dunha subvención de 300.000,— pts., ao "Grupo Untia" co destíño da percura de pezas para o Museu do traxe e material etnográfico, nova coñecida o 16 de Xaneiro do 1982.

O dia 20 do devandito mes xa tiñamos atopadas as primeiras pezas, que ao longo do ano, levarían a xestión, ao definitivo montaxe no ex-convento de Santo Domingo, do primeiro museu que terá a nosa cidade.

Chegado ao noso Grupo a meados de Setembro Xosé Antón García G.-Ledo, debuxante e colaborador do Museu Arqueolóxico da Cruña, dirixiu a laboura do montaxe coa axuda de Xosé Raimundo Núñez, o cal xa fixera a inversión municipal en pezas localizadas no noso termo. A partires do mes de Santos, no que se elixiron os locais, e coa axuda do concello, amañaronse, e continúase a colocación das pezas polas salas que, en data non lonxana, poderán sere visitadas polo público.

